

RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE MESTRES DE ESPECIALIDADE PARA OBRADOIRO DE EMPREGO TERRAS DA MONTAÑA IV

EXPEDIENTE: 2022/G003/000629

Exp. Persoal: 2022/E001/000015 e 2022/E001/000016

Javier Francisco Caínzos Vázquez, alcalde do Concello de Concello de Curtis, (A Coruña),

ANTECEDENTES

Vista a resolución de concesión de subvención recibida o pasado 01/08/22 nº RE 1842 por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na cal concédese a este Concello de Curtis, xunto co Concello de Sobrado e de Vilasantar unha subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego denominado Terras da Montaña IV, o cal consistirá na realización de dúas especialidades: Actuacións Auxiliares en Viveiros Xardíns e Centros de Xardinería e Actuacións Auxiliares en Conservación e Mellora de Montes.

Vista a aprobación das bases reguladoras dos procesos selectivos do alumnado-traballador e persoal directivo, docente e de apoio do obradoiro de emprego Terras da Montaña IV, mediante Decreto da Alcaldía núm. 564/2022 de data 19/08/22, publicadas na páxina web municipal, taboleiro de anuncios da sede electrónica e anuncio no Boletín Oficial Provincial (BOP nº 158 de data 22/08/22).

Vista a remisión das oportunas ofertas á oficina de emprego de Betanzos, de conformidade co establecido na base cuarta e a recepción dos perfís dos candidatos trala sondaxe realizada pola devandita oficina.

Visto o transcurso do prazo de presentación de instancias de 3 días hábiles, segundo o previsto na base quinta apartado cinco (do 29/08/22 ao 31/08/22).

E visto que unha vez analizada a documentación presentada polos aspirantes en tempo e forma, e posto que non existen defectos que emendar, de conformidade coa base quinta apartado seis, e no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as no proceso de selección de mestres de especialidade para o Obradoiro de Emprego "Terras da Montaña IV", que figura coma anexo na presente resolución.

SEGUNDO.- Dar publicidade á presente resolución a través de anuncio na páxina web dos Concellos de Curtis, Sobrado e Vilasantar, así coma no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

As datas de celebración das probas serán as establecidas previamente no Decreto da Alcaldía núm. 577/2022 de data 26/08/22, na cal se establece que as probas serán nas oficinas municipais sitas en Curtis (Praza Emilia Pardo Bazán s/n) o vindeiro luns 12/09/22 ás 10:00 horas.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Javier Francisco Caínzos Vázquez

Dou fe, o Secretario accidental

Óscar López Figueroa

ANEXO I

Listaxe definitiva de admitidos e admitidas para mestre de especialidade en Actuacións Auxiliares en Viveiros Xardíns e Centros de Xardinería

DNI	NOME
649	Liñeira Casal, Santiago
407	López Lorenzo, María
348	Lorente García, Juan Carlos
969	Ramos Vázquez, Almudena
189	Romay Cea, Juan Pablo

Listaxe definitiva de admitidos e admitidas para mestre de especialidade en Actuacións Auxiliares en Conservación e Mellora de Montes

DNI	NOME
649	Liñeira Casal, Santiago
407	López Lorenzo, María
348	Lorente García, Juan Carlos
969	Ramos Vázquez, Almudena
189	Romay Cea, Juan Pablo
706	Ruiz Lemos, Segundo